

Luís Alonso Girgado, Luís Cochón, Nuria Rouco Aneiros e Xurxo Martínez González (eds.). *Epistolario Ricardo Carballo Calero/ Ramón Piñeiro (Historial dun libro)*. 2017. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Cadernos Ramón Piñeiro, XXXIII. 365 pp.

A correspondencia privada, os epistolarios, van conformando todo un conglomerado composto de múltiples vertentes abertas cando de estudos históricos falamos. Uns diálogos entre dúas partes activas que na actualidade nos permiten rever e coñecer máis profundamente a historia e as pegadas que estes axentes foron deixando no seu tempo, as formas nas que se relacionaron e a información que partillaron nun intre concreto ou durante un período determinado. Así as epístolas permiten unha reconstrución, en maior ou menor medida e sempre coa cautela necesaria, da posición dos actores nun contexto cultural puntual, alén de poñer ao descuberto as dinámicas que estes foron executando, os fíos que foron creando e as redes persoais e profesionais que foron tecendo.

As correspondencias de Ramón Piñeiro preséntanse como un caleidoscopio do campo cultural galego do século XX. Anteriormente, a editorial Galaxia xa publicara algúns volumes nos cales se recolle parte do epistolario deste persoeiro que escribiu cartas caracterizadas pola súa extensión. Este labor de edición a través da casuística concreta proseguíuna o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades nos seus “Cadernos Ramón Piñeiro”, nos que está a acoller, pouco a pouco, moitas das cartas e da correspondencia deste prolífero intelectual galeguista. Na edición anterior á que comentamos, a número XXXII dos Cadernos Ramón Piñeiro, saíron á luz as cartas intercambiadas entre Ramón Piñeiro e Xosé Neira Vilas.

Con esta nova entrega dos Cadernos Ramón Piñeiro ponse á disposición do público unha correspondencia privada que resulta de notábel interese e de grande axuda para todas aquelas persoas que desexen profundar e comprender, máis e mellor, as actuacións levadas a cabo en certos períodos históricos, como é o caso do último terzo do século XX no sistema literario galego, materia que nos ocupa. Desta volta, a presente edición achéganos o epistolario intercambiado entre Ramón Piñeiro e Ricardo Carballo Calero, dous piares fundamentais no campo cultural galego do século XX, como se pon de manifesto neste volume por medio dun corpus extenso e exhaustivo das cartas remitidas e recibidas entre ambos os dous persoeiros. Cabe sinalar que anteriormente xa foran publicadas algunhas das cartas intercambiadas que se recompilan de novo, como é o caso das aparecidas no número V dos citados Cadernos Ramón Piñeiro, no ano 2004.

Non obstante, os materiais agora reunidos móstranse con fluidez e de forma cruzada, polo que se dispoñen cronoloxicamente, comezando polas máis antigas até chegar ás máis modernas. Xúntanse nestes Cadernos un total de duascenas vinte e seis cartas: as de Ramón Piñeiro suman cento vinte e dúas e as de Carballo Calero algo menos, un total de cento catro. Pola cronoloxía que se indica, as deste último van dende o catro de novembro de 1951 até o sete de outubro de 1982; mentres que as de Ramón Piñeiro comezan no vinte e catro de maio de 1950 até o cinco de marzo de 1977. Na “Nota de edición”, vincúlase a interrupción da súa correspondencia co traslado de Carballo Calero a Santiago de Compostela no ano 1965, cidade na que tamén residía Ramón Piñeiro e de aí a marcada desaparición deste nexos epistolario.

Ao conxunto de cartas precédelle un limiar asinado por Luís Cochón, un dos seus editores. Nesta breve introdución refírese á súa relación persoal cos dous autores, Carballo Calero e Ramón Piñeiro, achegando deste modo un contexto máis humano e persoal que lle dá un valor engadido ao presente epistolario. No que atinxe ao seu contido, destacamos que o groso do corpus se centra nos acontecementos de índole cultural vividos en Galicia entre 1950 e 1975. Plásmanse vinte e cinco anos das actividades culturais de Galicia, entre as cales é de especial relevancia a intrahistoria, reflexións fundamentais para os estudos literarios galegos, e a unión coa xénese e evolución ofrecida na aínda imprescindible *Historia da Literatura Galega Contemporánea (1808-1936)*, do profesor Ricardo Carballo Calero, que saíu do prelo ao coitado da editorial Galaxia. Un proxecto que lle levou ao autor ferrolán uns

dez anos da súa vida, segundo se desprende deste epistolario, pois iniciouno en 1953 e publicouno en 1963. Durante eses anos superou diversas adversidades, tales como a falta de bibliografía, de tempo e de liberdade (atopábase limitado baixo o xugo do franquismo). A través das cartas déixase ver, ademais, a recepción desta obra no campo cultural galego, unha obra pioneira que suscitou unha grande acollida por parte do público. Tamén se pon de manifesto como foi fluíndo a creación doutra das grandes obras do filólogo, a *Gramática elemental do galego común*, publicada uns anos despois, en 1966, na mesma editorial Galaxia.

Alén destas dúas grandes obras, piares da literatura e lingua galegas, o contido das cartas pode dividirse amplamente en dúas vertentes diferenciadas e ligadas tamén ao eixo temporal da correspondencia. Así pois, o primeiro gran conxunto de cartas destaca por ter un corte de temática máis ligada ao ámbito cultural e bibliográfico, no cal Carballo Calero se vai consolidando, coa finalización da súa tese de doutoramento e como profesor en Lugo no Colexio Fingoy.

Xa no segundo bloque móstrase como se van materializando eses dous grandes proxectos na vida de Carballo Calero que xa citamos: a *Historia da Literatura Galega Contemporánea (1808-1936)* e a *Gramática elemental do galego común*. Como punto angular, mantense a constante unión da editorial Galaxia presente nos dous bloques, un elemento común que se mantén no transcurso dos vinte e cinco anos que transcorren dende as primeiras letras que intercambian e que agora se partillan.

Aquí é de interese destacar, xa centrándose no ámbito puramente literario, aquelas voces das que se facía eco Ramón Piñeiro e Carballo Calero, tales como Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco Amor, Luís Pimentel, Xosé María Díaz Castro, Ramón Otero Pedrayo ou Uxío Novoneyra; así como Xosé Luís Méndez Ferrín, Xohana Torres, Xosé Luís Franco Grande, Xosé Manuel López Nogueira ou Celestino Fernández de la Vega. No ámbito editorial tamén é de especial interese a creación da colección “Illa Nova” e o nacemento da revista *Grial*, ambas as dúas imprescindíbeis para comprender o porvir do campo editorial galego pasado e presente.

En suma, estamos diante dunha edición exhaustiva que abrangue a correspondencia privada entre dúas figuras imprescindíbeis no proxecto cultural

galego como é o caso de Ricardo Carballo Calero e Ramón Piñeiro. As súas letras trasládanos á propia historia e á intrahistoria mesmo da literatura e cultura galegas do século XX. Non queremos rematar sen salientar as múltiples vertentes que este xénero epistolario nos achega, pois entran en xogo cuestións diversas que deixan ver aqueles aspectos relativos ao ámbito privado e á memoria persoal dos seus axentes. Palabras intercambiadas que continúan a ecoar no presente e que axudan a comprender mellor as dinámicas, actuais e pasadas. Palabras que continúan facendo país.

*Belén Bouzas Gorgal*

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades